



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CEDEIRA

Proceso estabilización

Relación de aprobados e proposta de nomeamento da praza de asistente social incluída no proceso extraordinario de estabilización do Concello de Cedeira.

ANUNCIO

Con data de 28 de abril de 2025 ditouse o Decreto de Alcaldía número 190/2025 cuxo contido é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: relación de aprobados e proposta de nomeamento da praza de asistente social incluída no proceso extraordinario estabilización

Expediente 2025/G003/000213

Vistas as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 e as bases específicas do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha (1) praza de asistente social, persoal laboral fixo ao 100% da xornada, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal, publicadas ambas no BOP núm. 247 do 30 de decembro de 2022.

Visto o decreto de 9 de agosto de 2024 polo que se nomea ao tribunal cualificador para o proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Asistente/a Social, persoal laboral fixo ao 100 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal (Decreto núm. 424/2024)

Vista a acta de 19 de decembro de 2024 por la que se adopta o acordo de aprobación de valoración definitiva dos méritos dos candidatos/as admitidos/as e de proposta de nomeamento como persoal laboral fixo a favor da candidata PÉREZ PIÑÓN, María Luisa.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente e de acordo co previsto nas bases 18ª, 20ª e 21ª das Bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobador a relación de aprobados deste proceso selectivo.

Apellidos e nome	NIF	CELGA	Experiencia	Formación	Total
PÉREZ PIÑÓN, María Luisa	***1831**	Celga 4	90,00	10,00	100,00

Propor o nomeamento como persoal laboral fixo a PÉREZ PIÑÓN, María Luisa.

Segundo.- Dispoñer a publicación da presente resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Cedeira, taboleiro de anuncios, e a efectos informativos na páxina web municipal, dispoñendo o aspirante aprobado dun prazo de 20 días naturais, contados dende o seguinte á publicación no BOP da presente resolución para presentar no Rexistro xeral do Concello de Cedeira a documentación esixida na Base 18 e 20 das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso - oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022, a efectos da posterior firma do correspondente contrato laboral fixo.

En Cedeira, a sete de maio de 2025 polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.”